

## CONSELLO DE CAMPUS DE PONTEVEDRA

Luns, 11 de marzo de 2024

**Asisten:** María Mercedes Soto, Covadonga Barreiro, Oscar García García, Xosé Manuel Buxán, Juan Picos Martín, Manuel Joaquín Reigosa, Eva María Lantarón, Susana Reboreda, Ángeles Cancela, Marcos Dopico, Carlos Mollinedo, Xan Cebro, Lucrecia Rubianes, Enrique José Varela Álvarez

### **Excusan a súa asistencia:**

Rafael Durán Barbosa, Silvia García González, Álvaro Xosé López Mira, Emma Torres Romay

A sesión da comezo ás 12.03 horas coa seguinte Orde do Día:

### **Primeiro. Aprobación se procede, da acta da sesión anterior.**

---

Xosé Manuel Cebro solicita a modificación da acta da sesión anterior. Elimínase a seguinte frase que aparece na acta da sesión anterior na rolda de intervencións: «Tamén indica que as actividades culturais se organizan de costas á sociedade».

### **Segundo. Informe do Presidente**

---

O reitor informa de que os traballos para o Campus de especialización de Ourense, están practicamente rematados. No caso do Campus CREA estase traballando para conseguir ese obxectivo.

No relativo ás xestións para a cesión dos antigos terreos de Tafisa, a universidade segue agardando pola resolución da cesión por parte do concello. O concello argumenta que o motivo do retraso son algúns problemas normativos e legais sobre os que se están traballando para desatascar o asunto.

A cesión do antigo Hospital Provincial é outro dos asuntos que se está traballando, con conversas co concello, plantexando diversas ideas para o seu uso como as de residencia universitaria ou traslado doutras titulacións existentes ou de nova implantación.

O reitor reitera o compromiso do reitorado coa ampliación da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.

No relativo á implantación de novas titulacións, as negociacións coa Consellería dependen en boa medida dos traballos de definición da especialización do Campus CREA. En todo caso, sempre serán novas titulacións relacionadas coa creatividade.

O reitor informa sobre os acordos para a remuda xeracional do cadro do PDI, na que se establece un 85% das novas prazas para as necesidades docentes, e un 15% para o persoal investigador (Ramón y Cajal, Margarita Salas etc...)

No relativo aos contratos PostDoc da Xunta de Galicia, a universidade aprobará esta mesma semana os compromisos de estabilidade con eses contratos demandados pola Xunta para a conversión en postos de traballo permanentes.

Dentro desta remuda xeracional, o reitor expón a situación que implica a saída das prazas de profesorado Axudante Doutor que marca a LOSU, aumentando a dedicación docente ata as 180 horas, a o conseguinte aumento do gasto de persoal. Por outra banda, os novos contratos de profesorado asociados pasarían a ser contratos indefinidos. O reitor informa en este sentido, da previsión dunha muda na lei universitaria para prorrogar os contratos de asociados e unha moratoria de catro anos por parte do Ministerio de Universidades para a aplicación da LOSU no relativo aos contratos de profesorado. As prazas de nova creación de profesorado Permanente Laboral implicarían unha docencia mínima de 120 horas e unha máxima de 240 horas, en función da conciliación laboral, a representación sindical e os cargos académicos de xestión.

O reitor informa detalladamente sobre o proceso de consolidación a través das novas prazas de Axudante doutor por áreas e departamentos. O Programa INTEGRA do Ministerio de Universidades tenta abordar o sobrecusto do cadro de PDI para por en marcha a LOSU nos vindeiros 4 anos. Na

universidade española prevese a creación de en torno a 5.000 prazas para chegar ao obxectivo da LOSU. O ministerio comprometése á súa financiación nos primeiros catro anos, mentres que as cantidades restantes serían aportada polas comunidades autónomas. Deste xeito prevese chegar ao 1% do PIB de inversión para o financiamento da universidade, un compromiso que aparece na LOSU.

## **Terceiro. Informe da vicerreitora do campus de Pontevedra**

---

A vicerreitora do Campus informa sobre diferentes actividades realizadas e futuras:

Renovación do convenio co Concello de Pontevedra, aínda que está pendente de aprobación do presuposto do concello. O obxectivo é chegar a un convenio a 4 anos máis estable.

Renovase o Convenio coa Deputación de Pontevedra.

Renóvase o convenio co Consello Social.

No que respecta ao Campus CREA, estase a traballar no proceso de acreditación do Campus CREA, na reestruturación do plan estratéxico adaptándoo ás aportacións feitas pola Xunta de Galicia e redefinindo as súas liñas de traballo e obxectivos. Realizouse ademais a reestruturación do Consello do Campus CREA.

Así mesmo, estase a traballar na divulgación do programa de doutoramento do Campus CREA, na asistencia a feiras internacionais, na promoción do campus coa elaboración dun vídeo promocional. Realizouse ademais a modificación do Consello do Campus CREA.

Estase a traballar nas Xornadas de investigación do Campus CREA en novembro.

A vicerreitora informa ademais sobre os seguintes asunto:

Convocatorias internacionais, VIII Congreso internacional fugas e interferencias, Semana da creatividade e a innovación celebrada no mes de abril, un novo número da publicación do campus CREA, diversas actividades da Cátedra Álvarez Ossorio, obradoiro de teatro, coro universitario de música tradicional, Obradoiro de baile, Grupo de teatro no MITEU, Ciclo de oficios tradicionais, Obradoiros do 2º cuatrimestre de Extensión universitaria, Exposición na Sala Manuel Modes da artista Rosalía Banet «Formas de atrapar as sombras, facer unha pintura», o Herbario de Rosalía na Escola de Forestais, o Concerto de Primavera en abril, a Orquestra sinfónica xove de Pontevedra, o Grupo de música tradicional do Campus, o Programa de emprendemento In-Teams, e Senior Talents, o Programa de actividades DEBUT 2023, as Xornadas universidade – empresa, a Mesa redonda sobre talento e superación de desafíos, a Semana de Emprego no Campus de Pontevedra no mes de maio e setembro, e a Xornada de captación do Campus de Pontevedra o 3 de abril.

## **Terceiro. Informe da vicerreitora de Extensión universitaria**

---

A vicerreitora Susana Reboreda informa da iniciativa da Vicerreitoría para o fomento do galego entre o alumnado para o curso 2023/2024 a través da campaña «Galego de Tranquis». No mesmo ámbito informa sobre o plan de madriñas para o uso do galego.

## **Cuarto. Rolda de intervencións**

---

O Reitor dá paso á rolda de intervencións:

Carlos Mollinedo pon de manifesto as eivas sobre a información sobre as actividades deportivas no campus e a organización das mesmas, tendo en conta o peso relevante do deporte no campus.

Xan Cebro manifesta que o campus de Ourense conta con orzamentos propios específicos no ámbito do deporte, circunstancia que non existe no Campus de Pontevedra. Afirmar tamén que existen evidentes eivas nas infraestruturas deportivas, e que o uso por parte de clubs deportivos como o Arxill das instalacións resta dispoñibilidade de uso para a comunidade universitaria.

Lucrecia Rubianes insiste nas eivas das instalacións deportivas, con poucas prazas nas actividades programadas.

A vicerreitora de Extensión Universitaria Susana Reboreda aclara que o Campus de Pontevedra tamén conta con orzamentos propios para as actividades deportivas.

Informa que a través de Campus Activa ofrécese información detallada das actividades deportivas. A vicerreitora lembra que existe un convenio co Concello de Pontevedra para o uso do equipo de baloncesto feminino Arxil, unha importante canteira deportiva da cidade. Este acordo inclúe a cesión de instalacións do concello para outras importantes actividades da universidade. Nun futuro está planificado a creación dun pavillón municipal por parte do Concello de Pontevedra.

Carlos Mollinedo demanda unha maior integración do servizo de deportes na cidade.

O decanto da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, Oscar, propón a creación de novas instalacións deportivas nos terreos de Tafisa que palíen estas carencias, ou noutras ubicacións posibles.

O reitor informa que no terreos actuais do Campus de Pontevedra non se poden construír máis instalacións. O reitor anota a petición sobre a reorganización do servizo de deportes, máis afirma que a prioridade debe ser a de estar canto máis preto do alumnado mellor.

Xan Cebro afirma que as instalacións deportivas do Campus de Ourense abre os fines de semana con persoal propio da universidade, aínda que non abre o ximnasio. O reitor aclara que abren cando existen competicións deportivas.

Carlos Mollinedo lembra que o reitor en campaña electoral prometeu o fomento das prexubilacións do profesorado. O reitor indica que se está a intentar poñer en marcha un incentivo de adianto das xubilacións, e lembra as medidas actuais de rebaixa da carga docente dos docentes maiores de 65 anos. En este senso, Xan Cebro lembra que en outras universidades o PAS ten unha redución horaria para maiores de 60 anos

Xan Cebro indica que urxe unha reestruturación da área TIC. No campus de Pontevedra so existen dous técnicos da TIC en quenda de mañá, circunstancia que limita a eficiencia do servizo e que repercute na comunidade universitaria.

A cobertura por baixas do persoal non se está a realizar, dando un servizo que afecta á xestión dun xeito negativo. Cebro indica que a comisión de emprego debería convocarse para a solución dos problemas na xestión, non so para a convocatoria de prazas de postos de traballo.

Así mesmo Cebro traslada a demanda do persoal da área académica e apoio a centros e departamentos que na actualidade estas adscritos á Facultade de Belas Artes e á Facultade de Deseño, solicitando o traslado da xestión de mestrados e doutoramento ao campus.

Xan cebro informa que no proceso de implantación do novo programa de xestión SIGMA, producíronse incidencias nas matrículas do alumnado que provocaron unha dobre carga do custe da matrícula. Solicita unha solución áxil e a necesidade da formación do PAS e PDI para o uso das novas aplicacións. O reitor informe que os problemas ocasionados polo erro da dobre carga do custe da matrícula para algúns alumnos/as está identificado e en proceso de solución. O reitor lembra os bos resultados do programa de formación nas diferentes aplicacións informáticas.

Con respecto á reestruturación da Área TIC, o reitor opina que si é necesaria e debe traballarse en esa liña para a mellora dos diferentes servizos e aplicacións.

Juan Picos Informa do programa Pontec, que se celebrará o 22 ou o 23 abril.

Sen máis asuntos a tratar, péchase a sesión ás 13:58 horas.